

Galicia Encantada



ANIVERSARIO
2005 * 2025
Enciclopedia de Fantasía Popular de Galicia

Calendario

CATEGORÍAS RELACIONADAS

Encanto do Con da Romaiña

A lenda conta que hai unha rocha moi, pero que moi grande, coñecida coma *O Con da Romaiña* na parroquia de Nantes, concello de Sanxenxo (Pontevedra).

Nesta rocha pódense atopar aínda hoxe uns debuxos que representan unha culler, un garfo e unha tixola. Nas madrugadas de San Xoán aparecía alí unha velliña de longo cabelo branco e poñíase a cociñar. Ao lado dela había unha gran serpe enrodelada que a miraba atentamente sen facerlle dano algún.

Outra cousa curiosa que acontecía nesta madrugada era que cando saía o sol bailaba enriba da cabeza da anciá. Estes acontecementos repetíronse un ano tras outro durante varias décadas. Este con aínda se pode ver se collemos a *vía rápida* do Salnés, dirección Sanxenxo, á altura do polígono industrial que se está construíndo. A velliña era coñecida polos veciños da parroquia de Nantes polo nome de *Encanto do Con da Romaiña*.

[Texto remitido por Manuel Paz Castro, de Meaño (Pontevedra)]

Nota:

A lenda contouma miña avoa, Felizvina Castro García, e ela escoitoulla a seus pais, é dicir, meus bisavós, que se chamaban Ramón Castro e Eugenia García de Lastres e vivían na parroquia de Nantes, concello de

Sanxenxo (Pontevedra). Os debuxos probablemente sexan petroglifos.